

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE MARZO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de marzo de dous mil vinte; as trece horas e trinta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 56/2018; RIB/S/40.8/01

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación presentada por dona María Sagrario Rodríguez Meiriño en relación a unha vivenda sita en Travesía de Santiago I, nº4-Travesía da Madalena nº3, Ribadavia.

Considerando que con número de rexistro de entrada no concello 5484 de 26 de novembro de 2019 achega documentación de fin de obra.

Visto o informe da arquitecta municipal de data 19 de febreiro de 2020 no que conclúe: “ Por elo, infórmase favorablemente á concesión da licenza de primeira ocupación”

Visto o artigo 143 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

A xunta de goberno , competente por delegación efectuada por decreto de alcaldía de data 17 de xuño de 2019, acorda:

-Conceder a licenza de primeira ocupación da vivenda sita en Travesía de Santiago I, nº4-Travesía da Madalena nº3, referencia catastral 0823803NG7802S.

-Notifíquese o presente acordo ós interesados.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito de don Ignacio Losada Rivas, con número de rexistro de entrada no concello 835 de 14 de febreiro de 2020, no que expón:

“ Se me devuelva el importe de la licencia del polígono, dotación comercial, y se cancele la misma”

E solicita:

“ Se autorice dicha petición”

Considerando que con rexistro de entrada no concello 910 de 20 de febreiro de 2020 , don Julio Alén Fidalgo, presenta escrito no que expón:

“ Que pidió licencia de obra para la construcción de una nave en el parque empresarial parcela dotacional comercial, 1ª fase.

Cuando adquirió dicha finca lo hizo con todos los derechos y pertenencias inherentes en el momento de la compra (Proyecto y tasas pagadas) según escritura de compraventa de la que se adjunta copia. Expediente 1009/2019.

E solicita:

“ Se le considere exento de pagar la liquidación del ICIO, y se le permute por la efectuada por el anterior propietario”

Visto o artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: “ As licenzas relativas ás condicións dunha obra, instalación ou servizo serán transmisibles ,pero o antigo ou novo constructor ou empresario deberán comunicalo por escrito á Corporación, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular”

Considerando que non se efectuou esa comunicación de cambio de titularidade de licenza por escrito ante o concello , salvo erro ou omisión.

Considerando que existe unha controversia entre don Ignacio Rivas Losada , , e don Julio Alén Fidalgo, sobre o dereito a devolución do ICIO e sobre a titularidade da licenza concedida na parcela dotacional comercial do parque empresarial de Ribadavia., cuxa resolución non é competencia da administración , ao tratarse dunha cuestión relativa a un contrato entre ambos , cuxo coñecemento está reservado pola Lei Orgánica do Poder Xudicial e pola Lei de Axuízamento Civil aos tribunais da orde xurisdiccional civil.

A xunta de goberno , por unanimidade , acorda:

- Non acceder ás peticións formuladas por don Ignacio Losada Rivas e don Julio Alén Fidalgo.
- Notificar o presente acordo aos interesados con réxime de recursos.

-Escrito de don Alberto Vázquez Vázquez, policía local do concello, con número de rexistro de entrada 1121 de 27 de febreiro de 2020, no que solicita as dúas instrucións de orde de servizo da policía local con número 2188 de data 27/09/2017 e modificada pola orde 321 de data 09/02/2018 sobre a solicitude de asuntos propios.

A xunta de goberno acorda remitir o solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Resolución da Directora de Turismo de arquivo por desestímulo e notificación en relación á solicitude de subvención para proxecto de dinamización do Xacobeo 2021.

-Resolución da Presidencia da Deputación concedendo á Asociación Cultural Sorcha unha subvención de 250 euros para a realización dunha actuación.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE FACTURA

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura de data 31 de decembro de 2019 emitida por Instalaciones Amando S.A. ao Concello de Ribadavia en concepto de subministro de material eléctrico, decembro, Base 5.886,98€, IVA 21% 1.236,27 €,total a percibir : 7.123,25 euros”.

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

En relación al expediente de contratación en trámite de CONTRATO DE SUMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA

Vista el acta de la mesa de contratación formulando propuesta de adjudicación a favor de INSTALACIONES AMANDO SL.

Considerando que con fecha de 26 de febrero de 2020 la empresa Instalaciones Amando constituyó la garantía definitiva por importe de 1.033,05 euros.

La Junta de Gobierno Acuerda:

-Adjudicar el contrato de Suministro de material eléctrico del ayuntamiento de Ribadavia a Instalaciones Amando SL en las condiciones fijadas en la oferta presentada a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público con fecha de 10 de febrero de 2020.

-Aprobar el gasto.

-Publicar el presente acuerdo en el perfil del contratante en el plazo de quince días.

-Comunicar al contratista que la formalización del contrato se efectuará con fecha de 9 de marzo de 2020 en horario de mañana, debiendo personarse un representante de la empresa para proceder a la formalización del mismo.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Ribadavia Atlético de Fútbol para o uso e mantemento do novo sintético do Complexo deportivo municipal O Xestal

Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural Feder), no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR), de Galicia 2014-2020 para o ano 2020.-

Vista a Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural Feder), no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR), de Galicia 2014-2020 para o ano 2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Reforma da Praza de Abastos de Ribadavia: Accesibilidade, sinalización e xestión de residuos” por importe de 48.165,81 euros, aceptando integramente os termos e prescricións dela”.

SEGUNDO.- Designar como representante legal da entidade solicitante para os trámites desta subvención o Sr. Alcalde, Don Cesar Manuel Fernández Gil.

TERCEIRO.- Poñer a disposición o inmovible obxecto de subvención (edificio da praza de abastos), o cá l é de titularidade municipal.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e corenta e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO